

Acta da sesión extraordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **29 de xuño de 2022** na Sala de Xuntas do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

Alicia Gloria Risso Miguez, Ánxela María Bugallo Rodríguez, Patricia Carballal Miñán, Blanca Laffon Lage, Cristina Pardo Carabias, Nuria Rebollo Quintela, Juan Carlos Rivadulla López, Pedro José Vega Marcote, Yolanda Golías Pérez.

Outros: Francisco Javier García Quintero (Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor –ADEAC-) e Manuel Soto Castiñeira (Director da Oficina de Medio Ambiente –OMA-UDC-).

Desculpan a súa asistencia: Eva María Espiñeira Bellón, Óscar González Iglesias, Álvaro Martínez López, Manuel Peralbo Uzquiano, David Posada Fernández, Roberto Suárez Brandariz, Lucía Vázquez Ben,

Comeza a sesión as 11:30 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

PUNTO 1.- Presentación do Informe Green Campus 2020-2022 para a renovación da Bandeira Verde da Facultade de Ciencias da Educación coa presenza do representante de ADEAC.

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT para desculpar a asistencia do Decano. Dálle a palabra a Pedro Vega para a presentación do informe.

Antes de presentar o informe, Pedro Vega indica que se fixeron diversas reunións no Comité Ambiental para facer suxestións ao informe que aquí se vai a presentar. Ademais, informa que no comité ambiental da Facultade, moitos dos integrantes teñen un “cargo” destacado, os cales son:

- Responsable da Xestión de tempos, espazos e recursos da Facultade: Juan Carlos Rivadulla López
- Responsable da Relación cos Mestrados: Yolanda Golías Pérez.
- Responsable da Ambientalización Curricular: Ánxela María Bugallo Rodríguez
- Responsable do Contacto e Dinamización do Alumnado: o alumno David Posada Fernández.
- Coordinador Técnico: Pedro Vega Marcote
- Secretaria Comité: Lucía Vázquez Ben

A continuación, o profesor Pedro Vega informa sobre as evidencias levadas a cabo no período 2020-2022:

- *Xestión de residuos, onde houbo melloría en todos os aspectos.*

- *Xestión da auga, axustándose o caudal das billas.*
- *Xestión da enerxía, con información sobre o apagado de luces a través de códigos QR ou con carteis nos accesos do ascensor para diminuír o seu uso.*
- *Pegada ecolóxica, onde se fixo un estudo piloto (con 5 persoas) sobre os residuos xerados.*
- *Ambientalización curricular. En todas as guías docentes aparecen competencias específicas e recomendacións.*
- *Marzo ambiental na FCE, onde se fixeron diversas actividades ambientais.*
- *Mobilidade. Préstamo de bicicletas e promoción do uso das escaleiras.*
- *Fomento do voluntariado ambiental. Redes sociais, sorteos, contacto con ONG's, taboleiro Green Campus na FCE, apartado Green Campus na páxina web da FCE.*
- *Instagram de Green Campus.*

O técnico da ADEAC Francisco Javier García pregunta quen xestiona a web e o instagram.

Pedro Vega indica que a páxina web a a xestiona o Vicedecano Juan Rivadulla López e o instagram o bolseiro David Posada Fernández.

Francisco Javier García tamén pregunta pola participación do alumnado.

Alicia Risso resalta a alta participación do alumnado dos mestrados e destaca que o persoal de cafetería está moi implicados nos aspectos ambientais da Facultade.

Ánxela Bugallo destaca a alta participación do alumnado de Grao e da transversalidade da Educación Ambiental, facendo unha referencia concreta ao premio de TFG sobre sustentabilidade obtido este ano por unha alumna desta facultade, que ligaba a Educación Ambiental coa literatura.

Por outra banda, Patricia Carballal indica que dende a Facultade somos potenciadores nos centros educativos. Concretamente, refírese á ecoliteratura, é dicir, aproveitar a literatura para fomentar nos nenos/as a Educación Ambiental. Isto o está a facer o seu alumnado de Grao con nenos/as de Educación Primaria en distintos centros da comarca.

Cristina Pardo resalta que a ambientalización curricular abrangue non só as etapas de Infantil e Primaria, se non tamén a de Secundaria. Neste sentido, refírese á interdisciplinabilidade xa que tamén se traballa a Educación Ambiental dende a tecnoloxía.

Pero Vega destaca a colaboración do decanato e do profesorado en todos os aspectos ambientais. Ademais, resalta a colaboración dos centros educativos, así como a colaboración de todas as áreas da Facultade que traballan aspectos ambientais.

Manuel Soto resalta a importancia de que no informe se inclúa toda a información de actividades que fan os docentes en relación á Educación Ambiental. Como é complicado que todos os docentes pertencen ao comité ambiental, propón que se deseñe un cuestionario para enviar ao profesorado para que este indique que aspectos aborda.

O técnico da ADEAC Francisco Javier García pregunta sobre como se comparte a información.

Juan Rivadulla indica que toda a información está na páxina web, en redes sociais e se envía por correo electrónico.

Ánxela Bugallo destaca neste sentido a alta colaboración entre o profesorado.

Yolanda Golías sinala que o alumnado de Grao e Mestrado participa activamente e fan uso das súas redes sociais persoas para divulgar as actividades realizadas.

Cristina Pardo comenta que a difusión das actividades que se fan non só queda nesta facultade, xa que en actividades que se fixeron neste centro veñen participantes doutras facultades.

Francisco Javier García pregunta se o alumnado propón actividades.

Pedro Vega responde afirmativamente, sinalando como exemplo a colaboración coas ONG's. O mesmo sucede co profesorado; de feito, o noso profesorado é dos que máis acude a cursos do CUFIE sobre ambientalización curricular.

O técnico da ADEAC Francisco Javier García pregunta se se colabora coa xente que logra o éxito (premios) para facer divulgación.

Ánxela Bugallo responde afirmativamente, indicando que incluso a alumna da nosa facultade que obtivo o premio sobre sustentabilidade, está a facer o TFM sobre a mesma temática.

Manuel Soto resalta que, xa que os premios son da UDC, este tema se debería abordar a nivel universidade; que fose esta quen promovese e fomentase esta colaboración.

Finalmente, Pedro Vega agradece a asistencia de todo os participantes.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12.30.

Na Coruña, a 29 de xuño de 2022

Juan Rivadulla López
Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT